

# ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO:CEIP REBORDÁNS  
CURSO:6º EP  
MATERIA:EDUCACIÓN FÍSICA  
MESTRA: Mª CORAL VÁZQUEZ GUERRA  
DATA: 12 de maio 2020

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p><b>1.Participar en xogos, deportes e actividades físicas establecendo relacións construtivas e de respecto mutuo. Interiorizar unha cultura de xogo limpo e aceptalas normas. (CAA, CSIEE)</b></p>	<p>1.1.Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornas e de actividades físico deportivas e artístico expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</p> <p>1.2. Adapta as habilidades motrices básicas de salto a diferentes tipos de contornas e de actividades físico deportivas e artísticas expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</p> <p>1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc.) a diferentes tipos de contornas e de actividades físico deportivas e artístico expresivas aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p> <p>1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornas e de actividades físico deportivas e artístico expresivas tendo en conta o tres eixos corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo temporais e mantendo o equilibrio postural.</p> <p>1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p> <p>1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medo natural ou en contornas non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorna e a as súas posibilidades.</p>
<p><b>2.Crear representacións utilizando o corpo e o movemento como recursos expresivos, demostrando a capacidade para comunicar mensaxes, ideas, sensacións e pequenas coreografías.(CCEC, CAA)</b></p>	<p>2.1.Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</p> <p>2.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</p> <p>2.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas sinxelas, seguindo unha coreografía establecida.</p>

	2.4. Constrúe composicións grupais, na medida do posible, utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais
<b>3.Relacionar os conceptos específicos de Educación física cos doutras áreas ao practicar actividades motrices e artístico-expresivas.(CCL, CMCT, CAA, CSC, CCEC)</b>	3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicio 3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.
<b>4.Recoñecer e interiorizar os efectos beneficiosos da actividade física na saúde e valorar a importancia dunha alimentación sá, hábitos posturais correctos e unha hixiene corporal responsable.(CAA, CSC)</b>	4.1.Ten interese por mellorar as capacidades físicas. 4.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos, etc.). 4.3. Identifica os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. 4.4. Describe os efectos negativos do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada. 4.5. Realiza os quecementos valorando a súa función preventiva.
<b>5.Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa e compartila utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área e elemento de desenvolvemento competencial. (CCL, CD, CAA)</b>	5.1.Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. 5.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. 5.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos demais.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Revisión dos traballos e vídeos que o alumnado faga coas distintas actividades recomendadas, de forma voluntaria</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Redacción de traballos e gravación de videos realizando as distintas actividades propostas de forma voluntaria.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das cualificacións obtidas nos dous primeiros trimestres.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
	<p>Criterios de avaliación:</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Xogos variados: labirintos, bolos, volei-globo, canastras, xogos sensoriais, etc</p> <p>Exercicios ximnásticos de estiramento, forza, equilibrio, resistencia, coordinación de movementos, flexibilidade...</p> <p>Actividades diversas para traballar a motricidade grossa.</p> <p>Propostas con distintas coreografías.</p> <p>Exercicios para practicar ioga.</p> <p>Enlaces de páxinas de internet con exercicios teóricos , pero lúdicos, sobre a actividade física, a saúde, a alimentación...</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>O xogo será fundamentalmente o recurso metodolóxico nesta nova etapa. As aprendizaxes conquistadas a través do xogo posúen as seguintes características: son naturais, creativas, espontáneas, adaptadas, integrais, personais e significativas. Se trata de que o alumnado traballe por si mesmo, de forma automotivada e individual;</p> <p>que sexa quen de poder autoavaliar as súas execucións e tomar decisións, resolvendo os problemas que lle poidan xurdir, mediante a indagación e a investigación.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Todas as actividades propostas requirirán de obxectos ou espazos comúns e habituais en todas as casas.</p> <p>Será necesaria a conexión a internet para poder acceder a aula virtual do colexio ou a edixgal, onde son presentadas as distintas accións.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Os procesos de comunicación serán a través da aula virtual, edixgal, abalar (mensaxería ), correo persoal e videoconferencias.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.